

LINGUA GALEGA – CORTAR PALABRAS – CORTAR DÍGRAFOS


Lembra : NON separar ditongos
NON cortar dígrafos (**ch, rr, ll, gu, qu, nh**)
NON deixar unha vogal soa

■ Indica cal é a forma correcta de partir cada palabra ao final da liña.

- ribeira ► ribe-ira ribei-ra
- améndoa ► amén-doa amén-do-a
- orella ► o-rella ore-lla
- carreiro ► car-reiro carrei-ro
- piragüista ► piragüis-ta piragü-ista

■ Escribe os nomes das profesións representadas divididos de todos os xeitos posibles.

Ten en conta que todas teñen ditongo.



■ Selecciona

as palabras que están ben partidas ao final da liña.

- es-quíu
- a-bano
- ceb-ra
- mil-lo
- com-pás
- cés-pede
- pau-sa
- an-choa
- xardine-iro
- algun-ha
- carri-ño
- que-ixo
- nes-pra
- azuc-re
- agu-illón
- bai-le

Lembra:

A maior parte dos sons en galego represéntanse cunha soa letra, pero hai algúns que se representan con varias.

SONS	LETRAS	USO DE CADA LETRA
Son G de <i>gol</i>	g e gu	g ante a, o, u / gu ante e, i .
Son K de <i>casa</i>	c e qu	c ante a, o, u / qu ante e, i .
Son Z de <i>ceo</i>	c e z	z ante a, o, u e ao final de palabra / c ante e, i .
Son R forte de <i>ra</i>	r e rr	rr entre vogais (<i>serra</i>) / r no inicio de palabra e tras consoante (<i>roda, tenro</i>).
Son B de <i>bo</i>	b e v	Depende da palabra (<i>bo, vello</i>).

■ **Copia e completa coa letra que corresponda: g, gu, z, c, qu, r ou rr.**

- Pa★é★eme ★a★o ★e **C**asimi★o e l★ía non fixesen os debe★es de Lin★ua.
- ★ústanlle moito os espa★etes con ★arne ★e fai o ve★iño do ★ua★to A, **R**oi.
- As ★onas de ★ápidos dos ★íos son moi pe★i★osas, xa ★e hai moita ★o★ente.
- **G**a★deille un pou★o ★o★ido que ★edou do xanta★, pois sei ★e lle ★usta moito.

■ Ás veces os dígrafos aparecen ao ter que facer cambios ortográficos; tamén podes ter que cambiar as letras dalgúns sons.

Fíxate no exemplo e escribe estas palabras engadíndolles -iño, -iña.

- | | | |
|---------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|
| • cunca ▶ <i>cunquiña</i> | • ortiga ▶ <input type="text"/> | • cabaza ▶ <input type="text"/> |
| • pexego ▶ <input type="text"/> | • cazo ▶ <input type="text"/> | • charco ▶ <input type="text"/> |
| • xerro → <input type="text"/> | • eiruga → <input type="text"/> | • coello → <input type="text"/> |
| • boca → <input type="text"/> | • moza → <input type="text"/> | • zoco → <input type="text"/> |